



SEQUOIA VERMELLA

"Sequoia de Rosalía de Castro e Sequoia de Macías Ou Namorado"

Sequoia sempervirens

SABÍAS QUE...? As dúas sequoias vermellas son as árbores máis altas do Xardín e están bautizadas cos nomes de dous icónicos escritores da nosa cultura. Unha é a sequoia de Macías o Namorado, na honra do trobador medieval nado en Padrón e ten aos seus pés a escultura do mesmo; a outra é a sequoia de Rosalía de Castro, na honra da poetisa galega máis universal. En Padrón existe a crenza de que a escritora adoitaba visitar o Xardín a sentarse nun banco baixo a sequoia que hoxe leva o seu nome, quizáis buscando inspiración.



É unha especie de conífera da familia das Cupresáceas. Trátase da única especie do xénero monotipo Sequoia. Son as árbores que poden alcanzar maior altura no planeta e posúen unha gran lonxevidade (2.000 e 3.000 anos). Distribúese ao oeste de Estado Unidos: costa do Pacífico ao suroeste de Oregón e de California. Foi introducida en Europa en 1843 e hoxe en día é popular en parques europeos dado o seu alto valor ornamental.

Nome común: Secuoya roja, Secuoya de California, Secuoya, Secoya o Corla (cast.); Sequoia vermella (gal.); Coast redwood, Coastal redwood, Californian redwood (ingl.).

Etimoloxía:

- Sequoia: O nome do xénero conmemora a Sequoyah (1770-1843), indio da tribo cheroquee que inventou o silabario cheroqui
- sempervirens: : Epíteto latino que significa "sempre verde"

Descrición da especie: Árbore perenne, monoica, que en condicións naturais pode superar os 100 m de altura. Posúe forma piramidal. Tronco groso de até uns 4-5 m de diámetro, de cortiza pardo escura, esponxosa, que se desprende en placas irregulares, deixando ao descuberto novas capas de cor avermellada. Follas perennes, aciculares, ríxidas e punzantes; con dúas bandas de ton branco pola cara inferior, e de cor verde escuro polo feixe. Planas, lanceoladas, moi duras, de cor verde-negro. Piñas ovoides ou subglobosas, de cor pardo-avermellado ao madurar. Flores con conos masculinos ovoides de cor amarela-pardo, situados no final das ramiñas, soas ou por parellas; conos femininos de forma ovoide; piñas de cor verde que ao madurar adquiren tons pardo-avermellados.



Árbore
Senlleira de
Galicia

Idade aproximada: 150 anos
Medidas aproximadas:
Altura: 35,20 metros e 33 metros
Diámetro troncal: 6,17 metros e 6,20 metros
Anchura copa: 16,95 metros e 16,05 metros